

Acta da Sesión extraordinaria do Pleno do Concello de Cerceda de 23 de novembro de 2020.

Na Sala de Plenos da Casa Consistorial do Concello de Cerceda (A Coruña), sendo as 13 horas e 40 minutos do día 23 de novembro de 2020, reúnese o Concello Pleno en primeira convocatoria, baixo a Presidencia do Sr. Alcalde-Presidente, D. Juan Manuel Rodríguez García, co obxecto de celebrar sesión extraordinaria previamente convocada ó día da data, para a que foron previamente citados.

Asistentes:

Grupo Municipal Socialista:

D. Juan Manuel Rodríguez García.
Dna. Cristina Capelan Cancelo.
D. Francisco Javier Boquete Cambón.
Dna. María Carmen Martínez Barreiro.
D. Jesús Rama Bello
Dna. Catrina Queijo García
D. Angel Gestal Gomez

Grupo Municipal Popular:

D. José Francisco Santos Regueiro
Dna. Luz Maria Bello Vázquez.
Dna. Celia López Pallas.
D. Jesús Picón Pardo

Grupo Municipal Mixto:

D. Alberto Sánchez Regueiro

Secretario Xeral: Raúl Martínez Martínez.

Non asiste a concelleira Dna. Lorena García Costa.

A Presidencia, tras comprobar nos términos expostos que se dá o quórum legalmente esixido polo artigo 46.2 c. da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, para a válida celebración das sesións do Concello Pleno, declara aberta esta, pasándose ó estudio dos asuntos incluídos na seguinte

Orde do día

Acordos

Primeiro. Aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía -Presidencia de modificación presupostaria 21/2020: Suplemento de crédito, con cargo a remanente líquido de tesorería.

Segundo. Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de recoñecemento extraxudicial de credito con cargo a modificación presupuestaria 21/2020 .

Acordos

Primeiro. Aprobación, se procede, da proposición de Alcaldía -Presidencia de modificación presupostaria 21/2020:suplemento de crédito, con cargo a remanente líquido de tesorería.

O Alcalde procede a lectura da proposición da Alcaldía que se trascribe:

“Á vista do expediente de recoñecemento extraxudicial de créditos incoado (2020/X998/000173), e debido á inexistencia de crédito adecuado e suficiente no orzamento vixente, actualmente en situación de prórroga, esta alcaldía, de conformidade co establecido na base de execución nº11 do presuposto, e dacordo co disposto no artigo 177 do TRLFL, e nos artigos 35 e seguintes do Real decreto 500/1990, se considera necesaria a aprobación polo Concello pleno do seguinte expediente de SUPLEMENTO DE CRÉDITOS:

Estado de gastos:

Pr.	Ec.	Denominación	Importe
161	22799	San., abast., e distribución de auga. Outros traballos realizados	3.728,41
161	60900	San., abast., e distribución de auga. Outras inversións	20.030,81
171	61900	Parques e xardíns. Outras inversións de reposición	83.702,20
342	22706	Instalacións deportivas. Estudos e traballos técnicos	2.438,15
453	61900	Carreteras. Outras inversións de reposicións	4.899,52
454	60900	Camiños. Outras inversións	34.811,05
912	22601	Órganos de goberno. Atencions protocolarias	765,60
920	22706	Administración xeral. Outros traballos realizados	17.908,00
920	62200	Administración xeral. Edifícios e outras construcións.	12.950,63
920	63200	Administración xeral. Edifícios e outras construcións. Reposición	41.948,23
1532	21000	Accesos á vivenda. Infraestrutura e bens naturais	4.598,00
1532	61900	Accesos á vivenda. Outras inversións de reposicións	47.378,10
TOTAL			275.158,70

Estado de ingresos (financiación):

Concepto de ingresos	Denominación	Importe
870.00	R.L.T. (capacidade de financiación)	275.158,70
TOTAL		275.158,70

Segundo o establecido no artigo 177 do TRLFL, propono ó Concello-Pleno a adopción do seguinte acordo:

1.- Aprobado inicialmente o expediente de modificación de créditos 21/2020, de suplemento de crédito financiado con remanente líquido de tesourería, para aprobar as obrigas incluídas no recoñecemento xudicial mencionado.

2.- Expoñer este expediente ó público mediante anuncio inserto no BOP, por quince días hábiles, durante os que os interesados ponderán examinalo e presentar reclamacións ante o Pleno. O expediente considerárase definitivamente aprobado se durante o citado prazo non se hubiesen presentado reclamacións; no caso contrario, o Pleno disporá do prazo dun mes para resolvelas.

3.- Publicar, unha vez aprobada a modificación, un resumo da mesma a nivel de capítulos no tablón de anuncios e no BOP.

4.- Remitir copia do expediente aprobado, e das reclamacións, á Administración do Estado e á Xunta de Galicia.”

**Intervencións que se citan:*

O Sr. Santos pola cantidade do remanente líquido de tesourería, tamén por qué non se fixo a comisión informativa , e quen conforma esta factura.

O Sr. Sánchez pregunta polos traballos realizados de administración xeral e polos gastos en comidas.

Responde o Sr. Alcalde que o remanente é aproximado de 560.000 euros, sobre as facturas responde que todas están contratadas, e remítese o informe da Intervención, que non había crédito.

Sométese a votación a inclusión do asunto no orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista e cinco en contra dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e Mixto.

Sométese a votación o acordo que resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista. Catro en contra dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e a abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Segundo. Aprobación, se procede, da proposición da Alcaldía-Presidencia de recoñecemento extraxudicial de credito con cargo a modificación presupuestaria 21/2020 .

O Alcalde da lectura a proposición que se cita:

“Antecedentes

Considerando a necesidade de recoñecer obrigas rexistradas no exercicio 2019, porque, no momento da súa aprobación, non existía crédito suficiente para facelo.

Considerando tamén necesaria a aprobación dunha serie de facturas, que chegaron xa no ano 2020, pero que corresponden a servizos, obras ou traballos realizados en 2019.

Vistas as facturas derivadas dos traballos anteriores e que se relacionan a continuación:

N.factura	Data	Importe	Terceiro	Concepto	Pr.	Ec.
S 2222	30/12/2019	3.72,41	ESPINA Y DELFIN SL	RENOV. CUADRO ELECT. BOMBEO RIBASOUTAS	161	22799
FE19 159	06/07/2019	20.030,81	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	AMPLIACIÓN SANEAMEINTO PAO DO LOBO A COLECTOR	161	60900
1- 019067	27/08/2019	48.297,60	SYR AMG, S.L.	OBRA: PARQUE INFANTIL DE CERCEDA, AL LADO DEL AUDITORIO / PA PARA DESMONTAJE DE CUATRO JUEGOS EXISTENTES Y POSTERIOR RE	171	61900

1 001903	12/11/2019	35.404,60	SIMER OBRAS Y SERVICIOS, S.L.U.	Obra: Pavimentación de caucho continuo en Parque Infantil de A Silva	171	61900
19 482	31/10/2019	1.829,52	MAXCONTROL NOROESTE, S.L.U.	CONTROL AUGA PISCINAS	342	22706
19 556	31/12/2019	254,83	MAXCONTROL NOROESTE, S.L.U.	CONTROL AUGA PISCINAS	342	22706
19 483	31/10/2019	183,92	MAXCONTROL NOROESTE, S.L.U.	CONTROL AUGA PISCINAS	342	22706
19 557	27/12/2019	169,88	MAXCONTROL NOROESTE, S.L.U.	CONTROL AUGA PISCINA	342	22706
Emit- 1900195	30/11/2019	4.899,52	SEÑALIZACIONES NORTE, S.L.	SEÑALIZACIONES	453	61900
FE19 2	31/12/2019	34.811,05	VIALES Y OBRAS ALBEMIN, SC	DELIMITACIÓN DE VIALES MUNICIPALES PARA MEJORA DEL FIRME EN ZONAS RU	454	60900
1-13304	12/12/2019	179,10	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	912	22601
1-13343	16/12/2019	158,80	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	912	22601
1-13371	18/12/2019	193,30	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	912	22601
1-13430	26/12/2019	234,40	JESUSA PEREIRO CERQUEIRO	COMIDAS ALCALDE	912	22601
19 27	28/12/2019	17.908,00	ANTONIO CARRO NUÑEZ	Redacción de proyecto de rehabilitación y mejora energética de edificio administrativo B+IV casa do Concello de Cerceda	920	22706
FE19 155	05/07/2019	7.259,49	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	PINTURA FACHADA CONCELLO DE CERCEDA	920	62200
FE19 156	05/07/2019	5.691,14	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	EXTRACCIÓN ASEOS EN BAÑOS CONCELLO DE CERCEDA PLANTA BAJA	920	62200
FE19 158	06/07/2019	4.396,63	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	SUSTITUCIÓN URGENTE DE PUERTA DE VIDRIO DE LA CASA CONSISTORIAL POR ROTURA	920	63200
FE19 38	05/07/2019	8.927,38	PEDRAGALLADA S.L.	PUERTA VIDRIO ENTRADA CONCELLO DE CERCEDA Suministro y colocación	920	63200
FE19 39	05/07/2019	4.190,11	PEDRAGALLADA S.L.	ADAPTACIÓN LOCAL LIMPIEZA CONCELLO CERCEDA	920	63200
FE19 40	05/07/2019	6.700,17	PEDRAGALLADA S.L.	INSTALACION ELÉCTRICA ASEOS	920	63200
FE19 41	05/07/2019	2.253,44	PEDRAGALLADA S.L.	RAMPA JUZGADOS PASAMANOS	920	63200

				EXTERIOR EN TUBO ANCALDO A PARED FACHADA DE ACCESO A JUZGADOS		
FE19 42	08/07/2019	2.884,49	PEDRAGALLADA S.L.	SUMINISTRO E INSTALACIÓN DE APARATOS DE EXTRACCIÓN FORZADA EN ZONA LOCALES SIN VENT	920	63200
FE19 161	08/07/2019	2.864,38	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	CARPINTERIA ZONA CONEXIÓN CONCELLO EJECUCIÓN DE REVESTIMIENTOS INTERIORES EN MELAMINA Y FORMACIÓN DE ESTANTERIAS	920	63200
FE19 208	25/10/2019	9.731,63	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	Suministro y colocación de puerta de apertura automática, CONCELLO	920	63200
EO19 225	30/09/2019	3.388,00	OVIGA SL	Acondicionamiento camino en Belsar	1532	21000
EO19 226	30/09/2019	1.210,00	OVIGA SL	Acondicionamiento camino Boedo a Iglesario	1532	21000
FE19 215	16/11/2019	25.013,06	IAM RUMBO INSTALACIONES Y OBRAS, S.L.	REPOSICIÓN Y NUEVO FIRME EN EJECUCIÓN DE SOBREANCHO DE VIAL EN NÚCLEO RURAL DE QUEIXAS	1532	61900
FE19 49	11/11/2019	22.365,04	PEDRAGALLADA S.L.	SEGURIDAD VIAL ACCESO TOURIO E REDONDELO FORMACIÓN DE CANALETA DE HORMIGÓN PREFABRICADO PARA DELIMITACIÓN DE PASO PEATON	1532	61900

Consideracións legais

Ao abeiro do artigo 176 do TRLFL e 26 do RDO, con cargo ós créditos do estado de gastos de cada orzamento, só poderán contraerse obrigas derivadas de adquisicións, obras, servizos e demais prestacións ou gastos en xeral que se realicen no ano natural do propio exercicio orzamentario. Non obstante, se aplicarán ós créditos do orzamento vixente, no momento do seu recoñecemento, as obrigas seguintes:

- As que resulten da liquidación de atrasos a favor do persoal que perciba as súas retribucións con cargo ós orzamentos xerais da entidade local.
- As derivadas de compromisos de gastos debidamente adquiridos en exercicios anteriores, previa incorporación dos créditos no suposto establecido no artigo 182.3 do TRLFL.
- As obrigas procedentes de exercicios anteriores a que se refire o artigo 60.2 do RDO.

Visto o informe da Intervención 212/2020, de 19/11/2020.

Considerando a proposta realizada pola Alcaldía, e á vista da competencia otorgada ó Pleno da Corporación polo artigo 60.21 do Real Decreto 500/1990, de 20 de abril, se propón a adopción do seguinte

Acordo:

Primeiro.- Aprobar a relación de facturas anterior, co obxecto de proceder ao seu recoñecemento extraxudicial ao non ser incluídas no orzamento do exercicio económico que lle correspondía, por un importe total ascende a 275.158,70 euros, quedando a efectividade do acordo supeditada á entrada en vigor da modificación de créditos 21/2020, de suplemento de créditos financiado con remanente líquido de tesourería.

*Intervencións que se citan:

Insiste o Sr. Santos que hai alguha factura na que non se realizou a verificación da realización da prestación e que non se fixo procedemento de contratación.

O Sr. Sánchez remarca que estará em contra todo o tempo desta forma de actuar, e solicita que estas prácticas se abandonen.

O Sr. Alcalde explica que o que se trata é de pagar non da contratación, polo feito de que retrasa en presentar a factura, non significa que se teña que pagar, o mesmo que si o Concello se retrasa no pago, non implica que se poida deixar de pagar. Nestes casos non hai mais alternativa que pagar.

Sométese a votación a inclusión do asunto no orde do día que resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, catro en contra dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e a abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Sométese a votación o acordo que resulta aprobado por sete votos a favor dos concelleiros do Grupo Municipal Socialista, catro en contra dos concelleiros do Grupo Municipal Popular e a abstención do concelleiro do Grupo Mixto.

Sen máis asuntos por tratar, a Presidencia levanta a sesión, sendo as catorce horas e dezanove minutos do día da convocatoria, de todo canto eu, como secretario dou fe.

O Alcalde

Juan Manuel Rodríguez Garcia

O Secretario Xeral

Raúl Martínez Martínez